- IES ILLA DE SARÓN (Xove – Lugo)
- CPI PLURILINGÜE CERNADAS DE CASTRO (Lousame – A Coruña)

Charla “Muller Científica = Bicho raro”

- IES Nº 1 DE RIBEIRA (Ribeira – A Coruña)

ENCONTROS
DO
ENSINO MEDIO
E DA
USC

ENCONTROS NA USC CURSO 2016-17

CAMPUS DE SANTIAGO

Preto de 4.140 alumnos de 70 centros de ensino secundario de toda Galicia visitaron o Campus de Santiago, dentro dos Encontros na USC 2017. Con esta iniciativa preténdese acercar aos estudantes de Ensino Medio aos estudos nos que eles están máis interesados mostrándolle as materias coas que se van atopar así como as súas saídas profesionais, a posibilidade de emprego etc, e coñecer as instalacións onde se imparte a titulación na que están interesados, e poder asistir a unha clase cos alumnos de 1º curso e, nalgún caso, visitar laboratorios de clases prácticas.

Nestas visitas, ademais dos responsables dos centros participaron os titores dos alumnos de 1º curso que foron os encargados de dirixilos polos campus e comentarlles a súas vivencias na USC

Os percorridos que se ofertaron foron os seguintes:

PERCORRIDOS

SAÍDA DA RESIDENCIA BURGO DAS NACIÓNS ÁS 10:30 (CAMPUS NORTE)

- 1: Ciencias da Comunicación e Filoloxía
- 2: Ciencias Económicas e Empresariais
- 3: Ciencias da Educación (Mestres) e Traballo Social
- 4: Medicina e Odontoloxía, Enfermaría
- 5: Xeografía e Historia e Filosofía

SAÍDA DA RESIDENCIA MONTE DA CONDESA AS 10:30 (CAMPUS VIDA)

- 6: Dereito, Relacións Laborais e Ciencias Políticas e Sociais
- 7: Química e Enxeñaría Química
- 8: Bioloxía e Farmacia
- 9: Enxeñaría Informática e Matemáticas
- 10: Física e Matemáticas
- 11: Enxeñaría Informática e Física
- 12: Química e Física
- 13: Óptica e Optometría
- 14: Psicoloxía e Ciencias da Educación

Pola tarde realizaron visitas ao Patrimonio Histórico ao Centro Superior de Hostalaría de Galicia, ás Residencias Universitarias, o Museo de Historia Natural e a Cidade da Cultura.

Total de alumnos que participaron no Campus

TOTAL ALUMNOS	4140
TOTAL CENTROS	70

Relación de centros que visitaron o Campus de Santiago de Compostela:

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA	A CORUÑA	A CORUÑA
IES POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA
IES DE AMES	AMES	A CORUÑA
IES DO MILLADOIRO	AMES	A CORUÑA
IES AGRA DE LEBORÍS	ARTEIXO	A CORUÑA

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES DE SABON	ARTEIXO	A CORUÑA
CPR PLURI. NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN ATOCHA	BETANZOS	A CORUÑA
IES ESPIÑEIRA	BOIRO	A CORUÑA
IES PRAIA BARRAÑA	BOIRO	A CORUÑA
IES DE BRIÓN	BRIÓN	A CORUÑA
IES ISIDRO PARGA PONDAL	CARBALLO	A CORUÑA
IES MONTE NEME	CARBALLO	A CORUÑA
IES CABO ORTEGAL	CARIÑO	A CORUÑA
IES FERNANDO BLANCO	CEE	A CORUÑA
IES DE CURTIS	CURTIS	A CORUÑA
IES SATURNINO MONTOJO	FERROL	A CORUÑA
IES DE MELIDE	MELIDE	A CORUÑA
IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA
IES TERRA DE TRASANCOS	NARÓN	A CORUÑA
IES XULIÁN MAGARIÑOS	NEGREIRA	A CORUÑA
IES CAMPO DE SAN ALBERTO	NOIA	A CORUÑA
IES MACÍAS O NAMORADO	PADRÓN	A CORUÑA
IES PORTO DO SON	PORTO DO SON	A CORUÑA
IES FELIX MURIEL	RIANXO	A CORUÑA
IES Nº 1	RIBEIRA	A CORUÑA
CPR PLURILINGÜE SAN JOSÉ DE CLUNY	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
CPR Seminario Menor Diocesano A Asunción	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ARCEBISPO XELMIREZ I	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES EDUARDO PONDAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES LAMAS DE ABADE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES PONTEPEDRIÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES XELMIREZ II	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES MONTE CASTELO	BURELA	LUGO
IES PERDOURO	BURELA	LUGO
IES PLIRILINGUE FONTEM ALBEI	FONSAGRADA	LUGO
IES POETA DIAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO
IES MURALLA ROMANA	LUGO	LUGO
IES XOÁN MONTES	LUGO	LUGO
IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO	MONDOÑEDO	LUGO
IES DAVIÑA REY	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES MONFORTE DE LEMOS	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES DE MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
IES DO CAMIÑO	PALAS DE REI	LUGO
IES MARQUES DE SARGADELOS	SAN CIBRAO (CERVO)	LUGO
IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ	SARRIÁ	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
IES AQUIS QUERQUERNIS	BANDE	OURENSE
IES Nº 1	O CARBALLIÑO	OURENSE
CPR PLURILINGÜE SANTA MARÍA-MARISTAS	OURENSE	OURENSE
IES XESÚS TABOADA CHIVITE	VERÍN	OURENSE
IES LAGOA DE ANTELA	XINZO DE LIMIA	OURENSE
IES JOHÁN CARBALLEIRA	BUEU	PONTEVEDRA
IES RAMÓN CABANILLAS	CAMBADOS	PONTEVEDRA
IES CHANO PIÑEIRO	FORCAREI	PONTEVEDRA
IES LAXEIRO	LALIN	PONTEVEDRA
CPR SEK-ATLÁNTICO	POIO	PONTEVEDRA
IES PEDRA DA AUGA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
IES VAL DO TEA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
CPR PLURILINGÜE SAGRADO CORAZÓN	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
IES PINO MANSO	PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES RIBEIRA DO LOURO	PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES MENDIÑO	REDONDELA	PONTEVEDRA
IES VILALONGA	SANXENXO	PONTEVEDRA
CPR PLURI. APOSTOL SANTIAGO	VIGO	PONTEVEDRA
CPR PLURILINGÜE MARÍA AUXILIADORA	VIGO	PONTEVEDRA
CPR SAN JOSÉ DE CLUNY	VIGO	PONTEVEDRA
IES SANTA IRENE	VIGO	PONTEVEDRA
IES FERMÍN BOUZA BREY	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA



CAMPUS DE LUGO

No curso 2016-17 tamén se levaron a cabo os xa consolidados “Encontros no Campus de Lugo” para dar a coñecer este Campus e as súas titulacións de Grao ao alumnado de Secundaria de toda Galicia.

Nesta ocasión, volvéronse a convocar en tres datas diferentes cun mesmo programa para facilitar o acceso aos centros interesados, sendo só necesaria a realización de dúas xornadas por coincidir a terceira data elixida en moitos centros co día aprobado por eles como non lectivo. As datas elixidas foron o xoves 2 de marzo, o venres 7 de abril e o martes 2 de maio de 2017, sendo esta última a que non se desenvolveu.

A participación superou o medio milleiro de asistentes, cunha sensible baixada con respecto ao pasado curso, que fora moi numerosa. En relación co alumnado actual do Campus, participou practicamente un alumno de secundaria por cada oito universitarios.

O número de centros que acudiron ao Campus de Lugo foi de 18 das provincias de Lugo e A Coruña, preferentemente da primeira.

As dúas xornadas, que se desenvolveron seguindo un programa similar, cun acto xeral de acollida, con visitas ás escolas e facultades por itinerarios de interese manifestado polo alumnado participante, e tamén cunha visita á Biblioteca Intercentros, foron exitosas e cumpriron os obxectivos que inicialmente se marcaron. Esta é a conclusión que se pode sacar á vista do recollido nas enquisas que foron cubertas a posteriori dende os equipos de orientación dos centros participantes, nas que se lles pedía que valoraran aspectos como o contido e o desenvolvemento da programación da xornada, os itinerarios propostos, a participación do alumnado titor da USC, os tempos dedicados ás distintas actividades ou o grao de satisfacción do alumnado de secundaria participante, e a xornada en xeral. A valoración media para as dúas xornadas, contando coa opinión dos 18 centros participantes nos Encontros, foi de 4,5 puntos sobre 5.

Os itinerarios máis solicitados foron os das Facultades de ADE, Formación do Profesorado e Ciencias, por esa orde, e os menos demandados os de Relacións Laborais e RRHH e os da Escola Politécnica Superior.

PERCORRIDOS

- 1: Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- 2: Facultade de Ciencias
- 3: Facultade de Formación do Profesorado
- 4: Facultade de Humanidades
- 5: Facultade de Veterinaria
- 6a e 6b: Escola Politécnica Superior
- 7: Escola de Enfermaría
- 8: Escola de Relacións Laborais

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
CPI LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO
CPI DOS DICES	ROIS	A CORUÑA
CPR DIVINO MAESTRO	LUGO	LUGO
IES MARQUÉS DE SARGADELOS	SAN CIBRAO - CERVO	LUGO
CPI TINO GRANDÍO	GUNTÍN	LUGO
IES XOÁN MONTES	LUGO	LUGO
IES SANXILLAO	LUGO	LUGO
IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
CPR SAN JOSÉ	LUGO	LUGO
IES PERDOURO	BURELA	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
CPR DIVINA PASTORA - SALESIANOS	LUGO	LUGO
CIP VIRXE DA CELA	MONFERO	A CORUÑA
CPR SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS	RIBADEO	LUGO
IES DA TERRA CHÁ - JOSÉ TRAPERO PARDO	CASTRO	LUGO
IES DE MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
IES DE BECERREÁ	BECERREÁ	LUGO
CIFP AS MERCEDES	LUGO	LUGO

CURSO

«PROGRAMA DE FORMACIÓN DE TITORES E
ORIENTADORES ACADÉMICOS»

Na 1ª etapa do curso formase ao alumnado para que coñeza o funcionamento da USC e na 2ª etapa estes alumnos dan acollida aos alumnos de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes extranxeiros (Erasmus e de intercambio).

O programa do 1º curso, xunto cos docentes que o imparten, e o que se detalla a continuación:

O programa do 1º curso, xunto cos docentes que o imparten, e o que se detalla a continuación:

Parte xeral:

Temario	PROFESORADO
1. A USC. Organización e Servizos	Mª. Isabel Braña Tobio /Mª. Jesús Varela Pulpeiro
2. CLM formación, avaliación e acreditación de competencias lingüísticas	Katerina Vlasakova / Martázul Busto Nuñez
3. A titoría e a orientación universitaria/ Titoría entre iguais: planificación e recursos	Julia Díz López
4. A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández/ Fátima Teixeira Vázquez
5. Técnicas de Comunicación	Enrique Castelló Mayo/Tania Fernández Lombao
6. Actividades Culturais e Deportivas	Pablo Sampedro Magán/Alexandre Cadarso Suárez / Paloma Lugilde Rodríguez/ Jesús Castro López
7. As relacións administrativas alumno – universidade.	Francisco Colomer Fariña/Mª. Asunción Pérez Pérez
8. As relacións administrativas alumno – universidade.	Francisco Colomer Fariña/Mª. Asunción Pérez Pérez
9. A Formación na USC. Grao, Posgrao e Formación Contínua	Raquel Mariño Fernández
10. Calidade na USC	Rosa Crujeiras
11. O desenvolvemento da carreira profesional: o emprendemento e o emprego	Celia Conde-Pumpido Tourón/Gloria Cruz Amil
12. de Mobilidade	Anne Forryan / Mercedes Pérez Zaera/Bárbara Rovira Casal

Parte específica:

Cada centro informará aos seus titores sobre as particularidades do mesmo; referido a:

- Planos de estudos
- Intercambios existentes
- Saídas profesionais

Esta parte específica inpartiu-se no número de sesións que cada centro estimou oportuno

ACTO DE
RECOÑECIMIENTO
AOS
MELLORES
ESTUDANTES

DE ENSINO MEDIO DE GALICIA NAS ABAU 2017

O venres día 30 de xuño de 2017, ás 18 horas, no Palacio de Congreso e Exposicións de Galicia en e Santiago de Compostela celebrouse o acto de recoñecemento aos estudantes de bacharelato que acadan unha nota media de 9 entre o bacharelato e a fase xeral da proba de Avaliación de Bacharelato para Acceso á Universidade (ABAU) na convocatoria de xuño de 2017.

Foron un total de 598 estudantes pertencentes a centros de ensino medio. Asistiron a este acto un total de 510, acompañados dos seus familiares e dos representantes dos centros de ensino medio onde cursaron o bacharelato.

Neste acto entregóuselles un diploma en recoñecemento ao seu esforzo co desexo de que manteñan a mesma liña de traballo en anos vindeiros.

O acto estivo presidido polo reitor da USC e inteviu o alumno David Montoto Pintos do IES de Cacheiras que obtivo unha cualificación de 9,88 en representación do alumnado homenaxeado, o profesor Carlos Ferreiro González do IES Carlos Casares de Viana do Bolo (Ourense) que falou en representación do seu colectivo e o concelleiro de Educación do Concello de Santiago de Compostela, Manuel Dios Diz, que pechou o acto.

É de agradecer a colaboración prestado polo Concello de Santiago de Compostela

Finalmente nas instalacións do Palacio de Congresos e exposicións ofreceuse un aperitivo para todas as persoas asistentes

Discurso acto de recoñecemento David Montoto Pintos

Señor Reitor Magnífico, señor concelleiro, señores profesores, familiares, compañeiros, moi boa tarde.

En primeiro lugar, permítanme que agradeza á organización que se me brindase esta singular oportunidade de dirixirme a un auditorio tan selecto, máis aínda, con total liberdade de tempo e contido: tentarei non abusar da súa xenerosidade.

É xeralmente aceptado que os bachareis hoxe aquí presentes nos atopamos nun punto de inflexión das nosas vidas, cun pé aínda no instituto, e o outro tenteando, a ver se cae na facultade desexada. Porén, non é conveniente esquecer o lugar que todo isto ocupa na perspectiva máis ampla, na visión xeral das cousas, e por iso gustaríame facer unha pequena reflexión. Para elo, serviranme de orientación iso que tantos nomes recibiu en tan diversas mitoloxías, pero que, a efectos do que nos ocupa, os nórdicos chamaron as tres *Nornas*, é dicir, o Pasado, o Presente e o Futuro.

O noso pasado é o ensino, obrigatorio nos seus aspectos Primario e Secundario, e postobrigatorio no que respecta ó Bacharelato. Convén sinalar

que na maioría dos casos é ensino público. Teñamos sempre isto presente: o ensino público é o principal medio de cambio social e igualación de oportunidades, é o instrumento primixenio da democracia. Un ensino público e de calidade é dereito inalienable, don indispensable para a realización como persoas de cada cidadán e piar fundamental dunha sociedade xusta.

O noso presente parécese bastante ós feitos pretéritos, pois asemella que imos ter que seguir estudando uns cantos anos máis, ¿non si? Pero estudando, ¿ou aprendendo? Cantas veces me teñen preguntado se me gusta estudar, sendo a miña resposta invariable que o que a min me gusta é aprender. Pero ¿en que consiste realmente o sistema pedagóxico imperante? Pois na aprendizaxe memorística. Na total destrución da curiosidade. Na coartación sistemática da imaxinación e da creatividade, aínda que sería moi inxusto pola miña parte non citar as cuantiosas e honrosas excepcións a estes defectos. Defectos que non van cambiar porque os políticos aproben leis, apliquen reformas educativas ou poñan reválidas, senón polo esforzo persoal de cada un de nós

para arranxar o sistema dende dentro. Todos: pais, profesores e alumnos, debemos traballar para que o ensino se converta realmente *na orientación da maduración intelectual das persoas encamiñada á obtención da felicidade baseada no máximo entendemento posible do mundo*. E o demais son trámites burocráticos. (Aplausos)

Queda o noso futuro por diante: o mundo laboral, e o mundo enteiro, abertos ante nós. Xa sabemos que os cambios de orixe humana sempre se caracterizaron pola súa velocidade, pero agora máis que nunca parece que a velocidade de cambio se acelerou enormemente. ¿Como podemos prepararnos para un mundo mudable como o de hoxe, cando é posible que as carreiras que estudemos non existan dentro duns anos, ou non teñan nada que ver co que son hoxe? Pois con flexibilidade. Con capacidade para manexar información, que, gran vantaxe dos cambios que antes mencionaba, agora temos sempre ó alcance da man. E non me estou a referir só ós teléfonos

móviles. Tamén con curiosidade. E con gañas de aprender, pois *«Máis vale adquirir sabedoría que ouro, e adquirir intelixencia vale máis que a prata»*.

Non quero rematar esta intervención sen agradecer no nome de todos os estudantes, presentes e ausentes, a inestimable axuda que nos brindaron, e que non dubido nos seguirán a brindar, tantas e tantas persoas ó longo das nosas vidas: os nosos pais, os nosos profesores, os nosos amigos e condiscípulos. De todos eles aprendemos moitas cousas que nos servirán para facer a pequena parcela do mundo na que nos toque vivir un pouquiño mellor, pois ¿para que se non viñemos a este mundo? Por último, pero non por iso menos importante, debo recoñecer o papel dunha forza fundamental para que eu estea hoxe aquí: a Fortuna, á que xa os goliardos chamaban *«Emperatriz do mundo»* nos *Cármina Burana*. Ó final, ela é quen decide, e por iso quero desexarvos, de todo corazón, moita sorte a todos á hora de construírdes un mundo mellor. Moitas grazas.

Discurso de Carlos Ferreiro González

Señor Reitor Magnífico da USC; Señor Concelleiro de Educación do Excelentísimo Concello de Santiago, Sra. Vicerreitora de Comunicación E Coordinación, Sra. Vicerreitora de Investigación e Innovación, Sra. Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, Sra. Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo, Sr. Coordinador do Programa “A Ponte” do Campus de Lugo, Sr. Delegado do Reitor para o Ensino Medio, Señores e Señoras, Compañeiros docentes, Benqueridas familias, alumnas e alumnos, auténticos protagonistas deste acto.

O recoñecemento que hoxe tributamos aos estudantes cos expedientes máis sobranceiros do curso 2016-17, no Ensino Medio de Galicia nas Probas de Acceso á Universidade, sen dúbida, ha ser un primeiro paso no que promete un futuro académico e profesional cheo de ledicias.

Ser invitado a impartir este discurso, ou como preferimos chamarlle no meu centro no acto de graduación de Bacharelato, “lección de saída” é unha honra, claramente inmerecida, que se me concedeu, supoño que por dúas razóns: a primeira, a inmensa xenerosidade do profesor D. Luis Herveilla Torrón, que sempre viaxa ata Viana do Bolo, sexa cal sexa o seu volume de traballo ou as circunstancias mesmo metereolóxicas para participar na

nosa xa tradicional Semana de Orientación. A segunda razón ten un nome: Viana do Bolo. Quen recolle este reto de falar hoxe para todos vostedes non é o só Profesor Carlos Ferreiro, senón e sobre todo o Director do IES Carlos Casares, que desde a humildade dun instituto rural, na montaña ourensá, pretende ser unha referencia da escola pública que trata de abrir as fiestras dun mundo global ao alumnado e facer realidade ese horizonte por veces utópico da verdadeira igualdade de oportunidades. Como ben dixeran, os rapaces e rapazas que vexo fronte a min son hoxe actores principais, e a eles voume dirixir, polo que coa licenza de todos vou pasar do protocolario vostedes ao cercano e agarimoso vós.

*Ós Lestrignons e máis os Cíclopes
ó encarraxado Poseidón non temas
 cousas así no teu camiño nunca has de achar
 non sendo que os leves na túa alma
 se a túa alma non os ergue ante ti...*

As palabras de Constantinos Kavafis e o seu poema Ítaca son o prólogo ideal para reflectir esta fin dunha viaxe e o comezo doutra. Tras seis anos nos centros, e moitos máis desque iniciastes a andaina da vosa formación, chega un día marcado

pola nostalxia do que se deixa, e a ilusión, e tamén por que non, o medo polo que aparece diante de vós. E nesta lección final desexaría facer de médico para receitarvos algo moi concreto: catro vacinas, as que loitan contra os temores e perigos, como se fosen, diría, os 4 xinetes da Apocalipse, que me gustaría desterrar da vosa traxectoria. E por iso vou usar, a modo de cita de autoridade, a voz de outros.

A primeira idea parte dunha cita que o profesor e articulista Roberto BLANCO VALDÉS utiliza moitas veces como tertuliano radiofónico, aínda que o seu autor é Henry L. MENCKEN, xornalista e crítico norteamericano: “Para todo problema complexo existe una solución simple, clara e equivocada” Velaí o primeiro perigo, a complacencia, a procura de milagres doadas e desprovistas de esforzo. Nada do que poidades e queirades lograr na vida se vai facer sen entregarse ao máximo, e atévome a decidir que as maiores ledicias que ides desfrutar, serán así de plenas porque sacaron de dentro de vós o máximo das vosas forzas. Iso ocorrerá nos proxectos académicos e profesionais, por suposto, pero tamén nos persoais. Rematar un grao ou un ciclo, aprobar unha oposición, montar un negocio como empresario, manter dentro dun nivel razoable de felicidade unha relación de parella ou educar fillas e fillos, se decidides telos, implica sempre unha intensidade na entrega sen mirar as horas, os días e noites e sen podernos permitir rendernos ante a primeira dificultade.

A segunda cita xurdiu nun recente exame de Lingua Castelá do meu alumnado vianés. Arturo PÉREZ-REVERTE, a propósito dos que analizan a realidade do mundo desde a perspectiva única da súa familia, a súa ideoloxía, situación económica ou lugar que lles correspondeu no mundo dicía: “El deber de un sistema educativo es conseguir

que la historia, el pasado, la memoria, se estudien para comprenderlos. No para condenarlos desde la simpleza y la ignorancia.” É o segundo risco do que quero que fuxades: a estreitez de miras. Enfrontádesvos, desde xa, aí fora a un mundo complexo, misceláneo, en constante cambio, onde se cruzarán plantexamentos culturais, ideolóxicos e relixiosos diversos, no que ademáis teredes que cuestionar ideas que ata o momento tiñades moi enraizadas porque polas inculcamos os vosos pais, nais, profesores, amigos, etc. Pero o mundo, como recordaba o escritor peruano Ciro ALEGRÍA é “ancho e alleo”, e para coñecelo e comprendelo ao máximo debemos intentar abarcar o maior número de puntos de vista que sexamos capaces, de maneira reflexiva e razoada.

Quero pedirvos que perdades a vosa identidade? Por suposto que non. Nese proceso de aprendizaxe, sempre vos suplico, e esta é a única idea que repito textualmente nos 3 discursos que teño feito neste instituto, que estedes onde estedes, gardedes cariño e respeito a vosa terra, as vosas vilas, a Galicia. Mantede a vosa lingua e a vosa cultura no corazón e na práctica. Vivimos, vivides nun mundo esclavizado pola idea de éxito e rendimento económico e tamén cada vez máis, nun mundo en que se nos fai crer que gozamos dunha liberdade ilimitada, mentres día a día se nos obriga a vestir, comer, comprar, falar e sobre todo pensar, dun xeito uniforme, como robots dunha película de ciencia-ficción. Fernando SÁNCHEZ-DRAGÓ comentaba hai moi pouquiño nun programa de TV, a raíz de comparar a censura no franquismo, a transición e os tempos actuais que “a peor dictadura do século XXI e a dictadura da linguaxe e o pensamento políticamente correctos”. Velaí o terceiro monstruo: o políticamente correcto. Quixemos formar nas nosas escolas, alumnas e alumnos tolerantes, respectuosos, que non caian na homo-

fobia, o machismo, o clasismo ou o racismo, pero realmente, conseguímolos? Ou simplemente os máis intelixentes souberon adaptar unha linguaxe do que se pode ou debe dicir ou non en público? Porque entón non vale. Eses valores teñen que estar integrados na vida cotiá, pois do contrario seremos unha sociedade que desde a limpeza impecable do noso discurso cometeremos os mesmos erros que os nosos antepasados, caendo na frase tópica dos que non teñen “nin unha mala palabra nin unha boa obra”. Cuestionade sempre o que se vos dí, escoitando claro, meditando, expresando o desacordo con educación e elegancia, pero tendo as vosas propias ideas que non deben coincidir ao 100% coas dos demais, nin mudar de pel como o camaleón. No pasado Festival de Eurovisión, o representante italiano Francesco Gabbani, transmitía unha idea na súa canción que encaixa ben no que vos digo:

*Sálvate del olor de tus similares
Todos son unos sabelotodo gracias a la web,
Cocaína del pueblo, Opio de los pobres.*

Cultura do esforzo, amplitude de miras, pensamento propio, xa vos prescribín tres vacinas, pero os xinetes da Apocalipse, os das pragas do fin do mundo eran catro. Claro, non me esquezo. Ten explicación: citei a tres persoas, Blanco Valdés, Pérez Reverte e Sánchez Dragó, que están en ocasións nas antípodas do meu pensamento ideolóxico, vou máis lonxe, con 18 ou 20 anos non os citaría nun discurso seguramente por certa terquedad que a xuventude nos da, cando cremos ser donos da verdade absoluta; e aí xurde o último demo do que temos que alonxarnos: dicide non á intolerancia, observade e empapádevos das opinións de todos, tamén dos que consideramos dalgún xeito contrarios ou diferentes, porque podemos e debe-

mos aprender de todos, creédeme, mesmo, e as veces sobre todo dos que representan unhas ideas opostas as nosas.

Imos rematando esta lección e esta etapa. Nos vindeiros meses e anos, sumerxirédesvos na vida real, organizaredes a vosa vida familiar, no modelo de familia que escollades, dos moitos que existen, con ou sen fillos, sos, en parella..., accederedes ao mercado laboral; e sobre ese aspecto, o traballo, que ocupará, se todo vai ben, a maior parte das horas da vosa vida, quero transmitirvos unha reflexión que expresaba dun xeito perfecto unha colega do Colexio Esclavas da Coruña, Julieta, hai uns días: “*Os empregos conséguense polo talento e pérdense polo talante*”. O talante, o carácter, a forma de ser, o que vos temos tantas veces mencionado como intelixencia emocional, vai ser un factor absolutamente determinante nas vosas carreiras profesionais e nas vosas relacións persoais. Por riba dun currículo pragado de Matrículas de Honra, deces ou másteres, a capacidade de diálogo, o liderazgo horizontal e positivo, o traballo en grupo, a posibilidade de improvisar e resolver retos de xeito autónomo, poñeranvos nun lugar ou noutro nunha empresa ou tarefa. Do mesmo xeito, as vosas amizades e relacións humanas (parella, familia, etc) serán máis sólidas e auténticas na medida en que apartedes da vosa mente a palabra eu, propia da nenez irreflexiva, para pensar no nos, pensamento evoluído que define a madurez das persoas.

E neste ano 2017, no noso centro en Viana colgan das paredes do Salón de Actos, dous nomes máxicos para este centro: refírome a Xesús Jares, pioneiro en España da Educación pola Paz e dos grupos de Mediación, e a Carlos Casares; ambos marcharon demasiado cedo do noso lado. Insistíronos moito estes días os familiares, amigos e ex-alumnos de Casares, na potente atracción que



causaba en todos os que o rodeaban, precisamente por ese rasgo que mencionei hai un intre: o talante. Un home que rexeitaba o sectarismo, e non excluía nin prexuzgaba a ninguén pola súa idade, ideoloxía, procedencia social. Nestas homenaxes continuas á súa figura destas semanas, coincide todo o espectro político e cultural de Galicia, e iso non é sinxelo de lograr, e amosa, non a calidade literaria do autor, que se da por recoñecida, senón a súa calidez humana.

O noso benquerido e lembrado Suso Jares resumíao nunha idea: “sexamos duros coas ideas, pero brandos coas persoas”. Ao final, é o resumo de todo o que vos quixen decir nestas páxinas. Aceptemos non todo, pero sí a todos e todas, e non xulguemos a nadie sen coñecer a súa intra-

historia, esa traxectoria vital, familiar, económica de cada un, que tanto marca o que somos ou non somos. A Escola Pública deuvos esa oportunidade de formavos nun mundo real, con xente tan igual e tan diferente como cada un de vós, polo tanto sede sempre comprensivos cos erros, as “rarezas” e as discrepancias cos outros.

Se alonxades os demos que vos citei, e como dixen, mostrades unha ollada comprensiva, pensando no colectivo por riba do egoísmo particular, lograredes a Armonía con vós e co Mundo, para obter o único título, o único diploma, a única licenciatura, que realmente compre obter na vida, desde infantil ata a vellez, a que marca o noso éxito real: A FELICIDADE. SORTE PARA TODAS E TODOS E A BUSCALA.



OUTRAS ACTIVIDADES

“XXV XORNADAS DE ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA E PROFESIONAL DO CONCELLO DE A CORUÑA”

Organizada polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña do 3 ao 7 de Abril de 2017 celebráronse as xornadas de información e orientación aos alumnos/as de ensino medio, do centro da cidade e arredores nas que participou o profesorado da USC, que de seguido se indica para presentar as distintas titulacións que a nosa Universidade oferta

ESTUDOS	PROFESORADO
Matemáticas	M ^a . Victoria Otero Espinar
Matemáticas + Física	M ^a . Victoria Otero Espinar
Enxeñaría Informática + Matemáticas	M ^a . Victoria Otero Espinar
Optica e optometria	Carlos García Resúa
Veterinaria	Izaskun Iburguren Arizeta
Filosofía	Francisco Conde Soto
Física	Manuel Sánchez de Santos
Física + Química	Manuel Sánchez de Santos
Traballo social	M ^a . Elena Puñal Romarís
Psicoloxía	Castor Méndez Paz
Xeografía e ordenación do territorio	Valeriá Paul Carril
Enxeñaría agrícola e agroalimentaria	Javier López González
Enxeñaría forestal e do medio natural	Javier López González
Enxeñaría Procesos Químicos	Gerardo Pereira Gonçalves
Ciencias da cultura e difusión cultural	Gonzalo Francisco Fernández Suárez
Historia	Emilio Grandío Seoane
Historia da arte	Juan M Monterroso Montero
Farmacía	M ^a . Paz García Martínez
Medicina	Angela Juana Torres Iglesias
Nutrición humana e dietética	Jesús Casabiell Pintos
Odontoloxía	José Gonzalez Bahillo
Enxeñaría en xeomática e topografía	M ^a José Iniesto Alba
Enxeñaría civil + Xeomática e topografía	M ^a José Iniesto Alba
Linguas e literaturas modernas	Patricia Frá López
Filoloxía clásica	Patricia Frá López
Pedagoxía	Margarita Valcarce Fernandez
Ciencias políticas e da administración	Manuel María De Artaza Montero.

Programación II Campus STEM
ANPA IES Rosalía de Castro – USC
Do 26 de xuño ao 30 de xuño na USC

Campus Científico.

Descubre o Mundo STEM (Science Technology Engineering Maths)

A ANPA IES Rosalía de Castro, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, organizou o II Campamento Científicos do 26 ao 30 de xuño de 2017

O campus dirixido a 20 alumnos/as de 3º e 4º de ESO do IES Rosalía de Castro, consistiu en actividades deseñadas por centros da USC para que o alumnado fixera experimentos e traballar nun contorno universitario.

Do 26 de xuño ao 30 de xuño na Universidade de Santiago (USC)
PROGRAMA

Data	Horario	Lugar	Actividades
Luns 26 de xuño	09:30 a 13:30	Facultade de Bioloxía	
Martes 27 de xuño	09:30 a 13:30	Facultade de Química	
Mércores 28 de xuño	09:30 a 13:30	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	Enxeñaría Química Enxeñaría Informática
Xoves 29 de xuño	09:30 a 13:30	Facultade de Física	
Venres 30	09:30 a 11:30, 12:00, 13:30	Facultade de Matemáticas Xeografía e Historia	E resultados de bioloxía

CAMPUS CIENTÍFICOS

O obxectivo dos Campus Científicos é incentivar a acceso dos estudantes a titulacións científico-técnicas e apoiar a permanencia no primeiro ano dos estudos de Grao para consolidar as vocacións nestes ámbitos. A experiencia permitiralle ao estudantado concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas áreas, así como a súa aplicabilidade na resolución de problemas en diversos campos da investigación e da innovación. A iniciativa posibilitará tamén transmitir aos estudantes a experiencia científica directa, os valores, fundamentos e procesos metodolóxicos da ciencia, conectar a vida non universitaria e universitaria e potenciar a convivencia entre estudantes de diferentes comunidades autónomas.

Os campus Científicos de Verán, é unha proposta que organiza o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, A Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) co patrocinio de la Obra Social la Caixa e a colaboración de 16 universidades pertencentes aos Campus de Excelencia Internacional, nas que terán lugar as estadías.

A inauguración da edición de 2017 na USC celebrouse o luns 3 de xullo de 2017 ás 10.00 horas no Salón de Actos do Colexio Maior Fonseca presidida pola Vicerreitora de Comunicación e Coordinación, Rosa Crujeiras Casáis, xunto co delegado do Reitor para o ensino medio, Luís Hervella Torrón.

A actividade estendenuse entre o 2 eo 29 de xullo de 2017. Na primeira quincena participan un total de 60 estudantes de 1º de Bacharelato distribuídos en dúas quendas dunha semana. A estas sumáranse na 2ª quincena outros 60 estudantes de 4º de ESO divididos tamén en dúas semana.

O alumnado participantes incorporouse nos proxectos “Buscando partículas no maior acelerador da historia. LHC”(Facultade de Física), “A máxia dos hidroxelos intelixentes” (Facultade de Farmacia, “Mathematics: Mathematical Scene Investigation”(Facultade de Matemáticas) e a “Sostenibilidade do ciclo da auga. Un dos 21 retos do século XXI” (Escola Técnica Superior de Enxeñaría dirixidos respectivamente por Xabier Cid Vidal, Francisco Javier Otero Espinar, Mª. Victoria Otero Espinar e Gumersindo Feijoo Costa

NOMBRE DEL PROYECTO	LUGAR DE REALIZACIÓN
BUSCANDO PARTÍCULAS NA MAIOR ACELERADOR DA HISTORIA. LHC	Facultade de Física
A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES	Facultade de Farmacia
A SOSTENIBILIDADE DO CICLO DA AUGA: UN DOS 21 RETOS DO SÉCULO XXI	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
MATEMATICS: MATHEMATICAL SCENE INVESTIGATION	Facultade de Matemáticas

REDES SOCIAIS:

USC Universidade de Santiago de Compostela engadido 2 fotos novas — Publicado por gabinete comunicacion@usc.es (1) · 3 Julio de 11:25 ·

Chegaron os primeiros estudantes que participan nos campus científicos de verán. Benvidos! #CCV17



3.329 persoas acadadas

Andrea Villar Álvarez, Antonio Ríguez San Blas e 14 máis

2 compartidas

Escribe un comentario...

USC Universidade de Santiago de Compostela engadido 2 fotos novas — Publicado por gabinete comunicacion@usc.es (1) · 10 Julio de 12:36 ·

Xa está aquí a segunda quenda dos Campus Científicos de Verán #CCV2017 se vos despedimos a primeira, que marchou encantada co seu correspondente diploma



2.827 persoas acadadas

Victoria Otero Espinosa, Isabel Vilas e 17 máis

2 compartidas

Escribe un comentario...

“BUSCANDO PARTÍCULAS EN EL MAIOR ACELERADOR DA HISTORIA. LHC”

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar ao alumnado coa estrutura fundamental da materia, desde o átomo as partículas elementais que a constitúen e os tipos de interaccións presentes na natureza, e coa historia dos descubrimentos científicos que levaron aos modelos e resultados actuais. Os alumnos tamén adquiren nocións de cómo funcionan os experimentos de colisión de partículas en aceleradores e cuál é a súa finalidade. Máis en concreto, explícase o funcionamento dun acelerador e os detectores, e relátase a diferenza fundamental entre os diferentes detectores do LHC e descríbese qué fai ao LHC tan especial.

“A MAXIA DOS HIDROXELES INTELIXENTES”

O obxectivo xeral do proxecto é familiarizar aos alumnos con novos materiais baseados en polímeros capaces de responder a estímulos. Durante o curso os estudantes estudarán o comportamento de polímeros e gels e sobre todo das propiedades básicas que resultan de interese no campo da farmacia e a biomedicina. Moitos dos avances no desenvolvemento de biomateriales, produtos sanitarios, medicamentos ou biosensores son posibles grazas ao desenvolvemento de novos sistemas poliméricos hidrofílicos, biodegradables que son capaces de modificar a súa conformación en función das características biolóxicas, químicas ou físico-químicas do medio. A elevada afinidade polo auga e a posibilidade de modular a estrutura do entramado tridimensional mediante estímulos físicos ou químicos, fai posible o deseño de sistemas con propiedades mecánicas e de cesión de fármacos ou outras sustancias activas moi interesantes. Este curso pretende dar a coñecer as prestacións dos hidrogeles intelixentes a través dunha combinación equilibrada de fundamentos teóricos e preparación e caracterización práctica de sistemas sinxelos.

“LA SOSTENIBILIDAD DEL CICLO DEL AGUA: UNO DE LOS 21 RETOS DEL SIGLO XXI”

Realizouse unha introdución de carácter xeral a aspectos relacionados co ciclo do auga urbano e a depuración de augas residuais. Déronse a coñecer os distintos contaminantes do auga e como medilos. Descríronse as unidades ten unha planta depuradora de augas residuais. Os alumnos aprenderon como os sistemas físico-químicos eliminan os contaminantes sólidos e coloidales. Mostrouse como operar e determinar a eficacia dun sistema de coagulación-floculación, así como a efectividade de diferentes compostos químicos á hora de conseguir unha óptima separación dos contaminantes do auga.

Os alumnos utilizaron o equipo denominado ?Ciclón? co fin de estudar a sedimentación de partículas en diferentes cámaras de sedimentación. Con este traballo aprenderon que o proceso de sedimentación esta dominado pola velocidade de avance das partículas, que á súa vez depende de dous factores o caudal e a forma e dimensións do sedimentador. Esta práctica permitiulles adquirir e entender os conceptos teóricos que se atopan aplicados nos equipos a escala real nas plantas de augas residuais

“MathematiCSI: Mathematical Scene Investigation”

O obxectivo principal desta actividade é transmitir ao alumnado o interese das Matemáticas, enfocándolas como una ferramenta que resolve múltiples problemas da vida real. O problema fundamental que se trata é a creación dun modelo matemático que estime a evolución dunha poboación de mosquitos. Dita poboación está composta por mosquitos que transmiten o virus do zika e mosquitos modificados xenéticamente incapaces de transmitir tal enfermidade. O citado modelo siguese de noicións básicas de xénitica, probabilidade e sucesións.

Trátase a demais doutros problemas como a ley de enfriamento de Newton, (ecuacións diferencias sinxelas), os cifrados criptográficos de Cesar e Vigenère un problema relacionado con xogos das torres de Hanoi e algúns máis. Para iso foi necesario utilizar ordenadores.

Ademais da realización dos proxectos de investigación, o estudantado tivo ocasión de escoitar os profesores da USC que explicaron temas do seu interese nas seguintes charlas:

PONENTE	TITULO CHARLA
Ángel M ^a Carracedo Álvarez	Para qué sirve el genoma humano
Jorge Mira Pérez	Las Matemáticas del siglo XXI
Enrique Macias Virgós	Que distancia nos separa del firmamento

Tamén participaron en actividades lúdico-deportivas, visitas guiadas ao patrimonio histórico da USC, Museo “Historia Natural e visita a Fisterra.

